



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ACTA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL , A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN , DUN/HA PEÓN/A-VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA, NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL. Expte: 2025/E001/000012. PROGRAMA GARANTÍA XUVENIL

Reunidos ás 10:00 horas en data 18/11/2025 na sala de comisións da Casa do Concello de Arzúa os membros da Comisión seleccionadora do proceso para contratación dun/dunha peón/a-varredor/a para limpeza viaria segundo bases de selección que constan en expediente TEDEC Expte: 2025/E001/000012 **GARANTÍA XUVENIL** e tendo en conta a ORDE do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR350E(*DOG n° 160 de data 22/08/2025*))

Convocados a esta sesión por decreto do alcalde de aprobación de lista definitiva estando presentes :

Presidente : Titular:Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal).

Vogais:

Titular: D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Titular: D. Ramón Vereá Castelo (encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).

Titular Dña. Irene Couselo del Río (Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa).

Secretaria: Titular D. María José Lage Vázquez (AEDL do Concello de Arzúa).

Polo Presidente declárase constituída a Comisión Seleccionadora, iniciase a sesión para selección conforme as bases que rexen este proceso selectivo que indican o que segue :

Os/as aspirantes que non poidan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditarlo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio (sendo valorada como apto/a ou non apto/a) que terá lugar antes da valoración da proba de oposición práctica. A non aptitude impedirá seguir no proceso selectivo. Dita proba consistirá nunha entrevista en galego respecto da cal o tribunal poderá solicitar asistencia de asesoría con voz e sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

11.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de oposición cunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo (desbroce, uso e mantemento de maquinaria e ferramenta, medidas de seguridade ..). A comisión seleccionadora poderá durante a realización da proba práctica de oposición realizar preguntas relacionadas coas funcións (as mesmas para todos os/as aspirantes) para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

A proba terá unha valoración de 0 a 10 puntos debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para entender que está superada.

Motivarase a puntuación en :

a) nivel de coñecementos amosados 5 puntos

b) axilidade e destreza na realización da proba 5 puntos.

O día de celebración e hora será publicado no taboleiro de anuncios do concello cando se publique a lista definitiva de admitidos. A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos.



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes na proba práctica, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal a relación de aprobados por orde de puntuación e presentará a proposta do/a candidato/a que obtivese maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

Procédese á realización da proba de galego da aspirante :

NAHIA SAN JOSE BURZACO

Acorda por unanimidade a Comisión preguntarlle si sabe as funcións do posto de traballo que vai a optar .

Naia contesta que o traballo en sí, consiste en recollida de papeleiras, varrido das rúas, co que se pretende manter o espazo público limpo.

A aspirante amosa na resposta coñecementos de galego acordándose por unanimidade pola Comisión calificala como APTA o que lle é comunicado para que se desprace o lugar de realización da proba práctica da oposición .

Desplázanse os membros da Comisión a nave dos servizos e de mantemento do Concello de Arzúa (A Coruña), en Santa María , onde se vai realizar a proba de oposición práctica , a que foi convocada a aspirante .

Sendo as 11:00 horas é chamada a aspirantes da lista definitiva Dña Nahia San José Burzaco

A Comisión por unanimidade ACORDOU realizar esta proba :



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ÚNICO.-

Para que amosen nivel de coñecementos 5 puntos

Se pon nunha mesa EPI con chaleco, casco, lubas , suxección para desbrozadoras, e arnés.

Se lle dí que recolla só dous elementos necesarios para o traballo o que opta , polo que selecciona chaleco e lubas.

Para motivar a puntuación de axilidade e destreza 5 PUNTOS

Se poñen tres contedores un de cor azul, outro de cor verde e outro amarelo.

De cinco elementos que están na mesa ten que colocar nos contedores según corresponda (papel, botella vidro, tapa de plástico, borrador de encerado e cinta adhesiva.

Coloca o papel no contedor azul, a botella de vidro no contedor verde, e a tapa de plástico no contedor amarelo.

Este acordo é manifestado a aspirante e explicado polo Presidente antes da realización da proba de oposición práctica .

Prócedese a realización das probas e valoración pola Comisión que por unanimidade ACORDOU:

PRIMEIRO .- Puntuar coa seguinte motivación os /as aspirantes :



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Nome e apelidos	PUNTUACION VALORACION DE MÉRITOS
Naia San Jose Burzaco	a) Nivel coñecementos : 5 b) Axilidade destreza : 5 TOTAL : 10 SUPERADA

SEGUNDO.- Considerando que a aspirante valorada supera o proceso selectivo xa que superou os 5 puntos, a comisión propón a contratación de Naia San José Burzaco.

TERCEIRO.- Publicar no Taboleiro de edictos da sede electrónica minicipal este acta con relación de aprobados e presentar o Alcalde a mesma na que se propón a contratación de Naia San José Burzaco***1657**, facendo constar que a aspirante para ser contratada deberá aportar previamente a súa contratación no prazo de dous días hábiles certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible có exercicio das funcións para as que resultou seleccionado.

Polo Presidente sendo as 11:15 horas levántase esta sesión de todo o que como Secretaria dou fe remitíndose a acta para sinatura do visto bo do Presidente e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Sinatura dixital :

Secretaria: María José Lage Vázquez (AEDL Arzúa)

Presidente: Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal).

Vogais: Irene Couselo del Río (Auxiliar administrativo do Concello de Arzúa.

Vogais sinaturas non dixitais :

Titular: D. Ramón Vereá Castelo (encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).

Titular: D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).